




AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS URBANAS: MESOPOTAMIA E EXIPTO



"Nefertiti" (Philip Pikart, CC BY-SA-3.0)



ÍNDICE

AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS URBANAS: MESOPOTAMIA E EXIPTO

1. MESOPOTAMIA.....	1
1.1 Mesopotamia, unha terra entre ríos. O marco xeográfico.....	2
1.2 Pobos e entidades políticas mesopotámicas.....	2
1.3 Organización política, sociedade e economía.....	5
1.4 Cultura, arte e relixión mesopotámica.....	6
<i>Exercicios</i>	8
2. EXIPTO.....	9
2.1 <i>Kemet</i> , o país da «terra negra». O marco xeográfico exipcio.....	9
2.2 Fases da historia do Exipto Antigo.....	9
2.3 Organización política, sociedade e economía.....	10
2.4 Cultura, arte e relixión exipcia.....	11
<i>Exercicios</i>	13
SOLUCIÓNES.....	14

MAPA CONCEPTUAL DA UNIDADE 10

As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto

• **Marco xeográfico:** vales do Tigris e Éufrates.

• **Aparición do urbanismo e a escritura**

• **Pobos e entidades políticas:** sumerios, acadios, babilonios, asirios, medos e persas.

• **Organización política, social e economía:**

Cidades-estado dirixidas polo templo e despois polo palacio.

Aparición de monarquías, sociedade xerarquizada (rei, elites, maior parte da poboación campesiña...).

Economía agraria.

• **Cultura, Arte e relixión:** Aparición da escritura (cuneiforme) e códigos de leis (Ur-Nammu e Hammurabi).

Cigurat (templo escalonado). Uso do adobe.

Relixión politeísta.



MESOPOTAMIA



EXIPTO



• **Marco xeográfico:** val do Nilo. Alto e Baixo Exipto.

• **Fases da historia do Antigo Exipto:** Imperio Antigo, Medio, Novo e Baixa Época.

• **Organización política, social e economía:** Monarquía (faraón) asistida por altos funcionarios (chaty, nomarca). Estrutura social xerarquizada (faraón, elites, poboación campesiña...). Economía agraria.

• **Cultura, Arte e relixión:** Escritura xeroglífica, hierática e demótica. Arquitectura monumental (mastabas, pirámides, hipoxeos e templos). Escultura e pintura (lei da frontalidade). Relixión politeísta, proceso de momificación.


1. MESOPOTAMIA

En **Mesopotamia** aconteceron dous feitos fundamentais na Historia: a aparición da **escritura** e a das primeiras **cidades** cunha planificación do seu trazado. Ambas as innovacións terían lugar en **Uruk**, cidade do sur de Mesopotamia, non moi lonxe do Golfo Pérsico, cara ao 3.500 a. C.

A repercusión histórica de tales feitos supuxo, por exemplo, que a escritura marcara o paso da Prehistoria á Historia, cuxa primeira etapa é a **Idade Antiga** que remata no 476 d. C. coa desaparición do Imperio Romano de Occidente.



"Contrato sumerio da venda dun campo e unha casa" (Charles Tilford, CC BY-NC-SA)



1.1 Mesopotamia, unha terra entre ríos. O marco xeográfico

Mesopotamia é unha rexión histórica de Oriente Medio (no oeste de Asia) que se corresponde co territorio, aproximadamente, do actual Iraq. O nome de Mesopotamia é de orixe grega e vén significar «entre ríos», xa que está percorrida polos ríos **Tigris** e **Éufrates** que desembocan no **golfo Pérsico**. O aproveitamento das augas destes ríos, a través de obras de irrigación, fixo posible que Mesopotamia fose o berce de florecentes culturas agrarias nunha zona con predominio de clima desértico.




"Mapa de Mesopotamia" (Goran tek-en, CC BY-SA 3.0)


1.2 Pobos e entidades políticas mesopotámicas

Dende aproximadamente o 3.500 a. C., en Mesopotamia sucedéronse diferentes civilizacións que loitaron por impoñer a súa hexemonía na rexión. Entre outros pobos, destacan:

- **Os sumerios:** asentados no sur de Mesopotamia, nunha zona coñecida como **Sumer**. Nesta área xurdiu a **revolución urbana**, coa aparición das primeiras cidades cunha planificación do seu espazo, entre as que destaca a de **Uruk** cara ao 4.000 a. C. (outras foron Kish, Ur, Lagash, Umma...), independentes unhas doutras, polo que eran cidades-Estado. En Uruk tamén xurdiu o que se considera o **primeiro sistema de escritura, o cuneiforme**.
- **Os acadios:** establecidos no centro de Mesopotamia. O monarca acadio, **Sargón**, fundou o primeiro imperio nesta rexión, o Imperio Acadio, con capital na cidade de **Akad**, cara ao 2.200 a. C.



"Mapa do Imperio Acadio, incluído Sumer" (Patrick Gray, CC BY-NC 2.0)



- **Os babilonios:** localizados inicialmente tamén no centro de Mesopotamia; en torno á cidade de **Babilonia**. Os babilonios constituíron, tempo despois dos acadios, un imperio de longa duración que tivo dous momentos de apoxeo, o primeiro foi o **Imperio Antigo Babilonio** (cara ao 1.800 a. C.) cuxo soberano máis senlleiro foi **Hammurabi**. Moito tempo despois xurdiu o **Imperio Neobabilónico**, que foi a potencia dominante da rexión con monarcas como **Nabucodonosor II** entre os séculos VII e VI a. C.




"Hammurabi, á esquerda, representado no seu código de leis ante o deus Shamash" (Mbzt, CC BY-3.0)




"O Imperio Babilónico na época de Hammurabi" (Mapmaster, CC BY-SA 4.0)

- **Os asirios:** asentados ao norte de Mesopotamia, arredor da súa principal cidade orixinaria, **Assur**. Constituiron un imperio que tivo tamén altibaixos, con dous momentos de apoxeo: o **Imperio Medio Asirio**, no cal sobresaíe o monarca **Tukulti-Ninurta I** (s. XIII a. C.), e o **Imperio Asirio Novo ou Imperio Neoasirio**, con **Assurbanipal** (s. VII a. C.).



"Assurbanipal nun
banquete coa raíña
Libbali-sarrat" (Mary
Harrsch, CC BY-SA 4.0)



"O Imperio Neoasirio" (Nécropotame, CC BY-SA 2.5)

- **Os medos e os persas:** son dous pobos que non estaban en Mesopotamia, senón ao leste (actual Irán), mais a súa historia estivo moi vencellada a esta rexión. Os persas crearon un gran imperio no século VI a. C. que abranguía dende o actual Paquistán ata a Europa Oriental e África (Exipto). O monarca persa que iniciou a expansión foi **Ciro II**. Outros foron **Darío I** e o seu fillo **Xerxes I**, que trataron sen éxito de dominar Grecia. O imperio persa perdurou ata o s. IV a. C., cando foi conquistado polo grego-macedonio Alexandre Magno.



"Máxima extensión do Imperio Persa" (Amizzoni~commonswiki,
rowanwindwhistler, CC BY-SA 4.0)

1.3 Organización política, sociedade e economía

- **Organización política:** nas cidades-Estado sumerias, nun principio, o poder político residía na clase sacerdotal que dirixía o **templo** da divindade principal. Logo, comezaron a xurdir probablemente xefaturas guerreiras que derivaron en monarquías, polo que o templo cedeu o poder ao **palacio** onde residía o rei. O reflexo desta evolución apréciase nos títulos que utilizaban os gobernantes sumerios, por exemplo, o **en** sería o título máis antigo cun contido relixioso e político que dirixía a cidade-Estado. Máis tarde aparecerían as titulacións de **lugal** que sería o rei ou xefe militar e o **ensi** que podía ser un príncipe local ou un gobernante dependente dun rei.
- **Sociedade:** en xeral, a sociedade mesopotámica estaba xerarquizada. Había unha **elite** (realeza, aristocracia, alto sacerdocio, alto funcionariado, grandes propietarios e comerciantes, **escribas** que dominaban a escritura e o cálculo...), e logo a maior parte da poboación (campesiños, artesáns, pastores...), que podía ser **libre** ou vivir en situacións de **servidume** (semiliberdade) dependendo do rei, dun nobre, dun templo... No último chanzo da estrutura social estarían os **escravos**, que podían ser moi numerosos, por exemplo, en sociedades guerreiras que escravizaban os vencidos ou en períodos de crise social, cando unha persoa libre podía peder a liberdade por débedas.
- **Economía:** a **agricultura de regadío** (cereais, legumes, hortalizas, palmeiras datileiras, liño...) era a base da economía, seguida da **gandaría** (ovellas, cabras, vacas, asnos), a **artesanía** (tecidos, metalurxia...) e o **comercio**, moi activo con rutas comerciais que conectaban Mesopotamia co golfo Pérsico, Exipto, actual Irán, o val do Indo e Anatolia.



"O ensi Gudea"
(Neo-Sumerian, CCO 1.0)



"O estandarte de Ur" (na sección superior amosa o banquete dun señor e nas dúas seccións inferiores a entrega de gando) (Geni, C BY-SA 4.0)

1.4 Cultura, arte e relixión mesopotámica

- **Escritura:** parece ser que o primeiro sistema de escritura foi o **cuneiforme**, chamado así porque se escribía cun cálamo sobre unha táboa de arxila. Xurdiu na cidade de Uruk cara ao 3.500 a. C., a súa orixe podería provir dunha serie de signos usados como rexistro contable que evolucionou ata crear un sistema de escritura e, con el, os primeiros arquivos e bibliotecas. Deste xeito, chegaron a nós as primeiras obras literarias como ***Gilgamesh***, a epopea (poema épico) dun rei de Uruk chamado así.

Sabías que...?



Aínda que moitas veces se considera ao Código de Hammurabi como o primeiro código legal da historia, non foi o máis antigo.

Uns 300 anos antes (arredor do 2100 a. C.) o rei sumerio Ur-Nammu, da cidade de Ur, ordenou redactar un código de leis.

Coñecido como o Código de Ur-Nammu, é o código legal máis antigo conservado parcialmente. Estaba escrito en sumerio, o que o fai que sexa tamén unha fonte moi valiosa para coñecer a evolución da lingua e do dereito.

Como o Código de Hammurabi, empregaba frases condicionais seguidas dunha consecuencia do tipo «se... entón...». Lexislaba sobre temas como o roubo, os danos físicos ou o matrimonio, pero con penas máis brandas e certa intención reparadora.

- **Dereito:** os textos legais máis antigos que coñecemos proceden de Mesopotamia, como o parcialmente conservado ***Código de Ur-Nammu*** (sumerio) ou o ***Código de Hammurabi*** (babilonio).
- **Arte:** a arte mesopotámica estaba ligada a un obxectivo relixioso e político:
 - a) **Arquitectura:** o material construtivo máis usado era o **adobe** (arxila secada ao sol), xa que a pedra non era moi abundante; para embelecer os muros utilizaron a **cerámica vidrada**. Os mesopotámicos empregaron por primeira vez a **bóveda** (teito curvo entre dous muros ou varios piares) e o **arco**. Entre as construcións sobresaen os palacios e os templos en forma de pirámide en chanzos (***cigurat***) como o parcialmente conservado ***cigurat*** de Ur.




"Cigurat de Ur" (Michael Lubinski, CC BY-SA 4.0)

b) **Escultura:** atopamos **figuras exentas** (votivas, representacións de gobernantes, deuses, xenios protectores ou lammasu) e magníficos **baixorrelevos** dos palacios asirios, como o palacio de Asurbanipal en Nínive, ou o de Sargón II en Dur Sharrukin.



"'A leoa ferida'. Relevo asirio" (Carole Radato, CC BY-SA 4.0)

c) **Arte moble:** contamos con exemplos como o chamado estandarte de Ur (unha caixa trapezoidal sobre a que hai dúbidas sobre a súa función), que representa nunha cara unha escena de paz e noutra, unha escena de guerra realizada con diversos materiais (marfil, lapislázuli, cuncha...) e cilindros-selos que servían de sinatura cando se rodaban sobre arxila fresca, pezas de ourivaría, etc.



"Vaso de Uruk. A deusa Inanna recibindo ofrendas" (Osama Shukir Muhammed Amin, CC BY-SA 4.0)

- **Relixión:** os pobos mesopotámicos eran **politeístas** (crían en varios deuses). Cada cidade tiña unha divindade principal co seu templo ou *cigurat*; por exemplo, o deus Marduk, para a cidade de Babilonia; a deusa Inanna, en Uruk, ou Assur para a cidade asiria do mesmo nome. Estes pobos eran **sincretistas**, é dicir, adoptaban deuses doutras culturas, por exemplo, a deusa sumeria da beleza e da guerra, *Inanna*, tamén foi adorada polos acadios, babilonios e asirios co nome de *Ishtar*.

Os **templos** tiñan grande influencia espiritual e poder económico, actuaban como centro administrativo e recollían colleitas e gando para redistribuílas á poboación. Ademais, inicialmente, tiñan a dirección política da cidade-Estado.

- **Outras achegas:** as culturas mesopotámicas foron pioneiras na **astronomía** (estudaban o movemento dos astros, as eclipses, as conxuncións astrais...) e elaboraron un calendario lunar de 12 meses e 360 días, creando un sistema sesaxesimal para dividir o tempo (horas de 60 minutos e minutos de 60 segundos), que tamén aplicaron nas **matemáticas** (por exemplo, no círculo de 360°).

EXERCICIOS**Exercicio 1**

Traballa con este fragmento do Código de Ur-Nammu:



"Código de Ur-Nammu
no Museo Arqueolóxico
de Estambul"
(Oncenawhile, CC0 1.0)

«(LEIS)

1. Se un home cometeu un asasinato, matarase ese home.
2. Se un home cometeu un acto de bandidaxe, matarase».

Fonte: Federico Lara Peinado e Federico Lara González,
Los primeros códigos de la humanidad, Tecnos.

- a) Que era o Código de Ur-Nammu? Coñeces algún código máis desta época?
- b) Como son as penas que impón comparadas co dereito actual?
- c) Este código orixinalmente foi escrito en cuneiforme e en lingua sumeria. Que é a escritura cuneiforme e o pobo sumerio?

Exercicio 2

Cal é como era o marco xeográfico dos pobos mesopotámicos?


2. EXIPTO

2.1 Kemet, o país da «terra negra». O marco xeográfico exipcio

Na antigüidade, os exipcios denominaban **Kemet** («terra negra») o seu país en contraste co deserto que circundaba o río **Nilo** e que servía de elemento disuasorio fronte a invasións. De non ser polo río Nilo, Exipto sería un territorio desértico xa que coas súas enchentes anuais proporcionaba a **auga doce** e o **limo** (lama que fertilizaba a terra) que permitían obter abundantes colleitas. Grazas a estes recursos, as culturas neolíticas do val do Nilo deron paso ás primeiras cidades, distinguíndose dúas grandes rexións:

- O **Alto Exipto**, ao sur, no curso medio e alto do Nilo.
- O **Baixo Exipto**, ao norte, arredor do delta que forma o río ao desembocar no Mediterráneo.

Ademais, outra vantaxe que ofrecía o Nilo era a posibilidade conectar todo o país por vía fluvial, o que favorecía as comunicacións e o comercio.



"Mapa do Antigo Exipto" (Jeff Dahl, CC BY-SA 4.0)

2.2 Fases da historia do Exipto Antigo

A historia do Exipto unificado polo soberano Narmer (previamente estivo dividido en entidades independentes), divídese en fases ou períodos. De xeito sintético son:


- **Imperio Antigo** (aprox. 2.700-2.200 a. C.): comeza cando **Menes** (tamén coñecido como **Narmer**) unifica o Alto e Baixo Exipto. A gran capital será Menfis. É a época da construción das grandes pirámides dos faraóns **Kéops**, **Kefrén** e **Micerino**.
- **Imperio Medio** (aprox. 2.000-1.800 a. C.): logo de fragmentarse o imperio, volve reunificarse con **Mentuhotep II** e será inicialmente Tebas a capital. O apoxeo deste período chegará con **Sesostris III**. A invasión dos *hicsos* (un pobo asiático), coa que se rachou a unidade de Exipto, rematou esta fase.
- **Imperio Novo** (aprox. 1.500-1.000 a. C.): Exipto volveu reunificarse co faraón **Amosis I**. É a fase en que Exipto se expandiu por Oriente Próximo e tivo monarcas como a muller **Hatsepsuth**, **Tutmosis III**, **Akenatón**, **Tutankamón** (célebre por atoparse a súa tumba case intacta) ou **Ramsés II**. A capital estivo en diferentes cidades (Tebas, Ajetatón...).
- **Época Baixa** (650-30 a. C.): Exipto foi sucesivamente sometido por asirios, persas, gregos, e perdeu definitivamente a independencia ao derrotaren os romanos a faraoa **Cleopatra**.

2.3 Organización política, sociedade e economía

- **Organización política:** a monarquía era a forma de goberno de Exipto. O monarca (chamado **faraón** a partir do Imperio Novo) era considerado o **fillo do deus Ra**, un intermediario entre os deuses e os seus súbditos para manter a orde universal, o **maat**, nas dúas terras, o Alto e o Baixo Exipto. O faraón concentraba o poder político aínda que contaba cun numeroso funcionariado para administrar o país. Entre os seus colaboradores podía figurar o **chaty** ou **visir**, con funcións propias dun primeiro ministro, e os **nomarcas** (gobernadores dos **nomos** ou provincias). Ademais, a Administración contaba con **escribas**, recadadores, xefes de almacéns, inspectores de obras...
- **Sociedade:** o monarca e a familia real, a alta Administración, o alto clero e os grandes propietarios formaban a cúspide da sociedade exipcia. Logo viña a maior parte da poboación (campesíños, artesáns, pescadores, comerciantes...) e, no chanzo inferior, os escravos.
- **Economía:** a base da economía era a **agricultura** (trigo, cebada, dátiles...), a **gandaría**, **pesca**, **artesanía** (albaneis, canteiros, pintores, oleiros...), **minaría** (ouro, cobre...) e o **comercio**.



"Hatshepsut.
Aínda que o habitual era que o monarca fose un home, houbo algunhas mulleres que subiron ao trono de Exipto"
(Sarah Stierch, CC BY 2.0)



"Artesáns exipcios.
Tumba de Nebamun e Ipuki"
(Norman de Garis Davis, CC0 1.0)




2.4 Cultura, arte e relixión exipcia

- **Escritura:** a escritura aparece en Exipto pouco despois da cuneiforme. Tamén usaban a pedra como soporte duradeiro pero, en lugar da arxila, os exipcios empregaron o **papiro**. Inicialmente, a escritura exipcia era **xeroglífica** (as palabras representábanse con debuxos); moi pouco despois apareceu a escritura **hierática**, de trazo máis simple. Xa na Época Baixa comezará a utilizarse unha escritura aínda máis sinxela, a **demótica**.
- **Arte:** a arte exipcia, igual que a mesopotámica, estaba asociada ao mundo relixioso e político:
 - a) **Arquitectura:** a diferenza da mesopotámica, a arquitectura exipcia empregou máis a **pedra** como material de construción, o que permitiu que se conservasen moitas obras arquitectónicas. Sobresaen as **tumbas**, en especial as faraónicas, como a **mastaba** (en forma de pirámide truncada); a **pirámide** (aínda que non sempre os faraóns eran enterrados alí) e o **hipoxeo** (tumbas escavadas na rocha). O **templo** é outra das construcións monumentais; sobresaen os de Luxor, Abú Simbel ou Karnak.
 - b) **Escultura:** principalmente en pedra e madeira, con **figuras exentas** cos brazos pegados ao corpo e rostro de expresión severa. Igual que os **relevos**, en xeral, as esculturas seguen a **Lei da frontalidade**, é dicir, estaban feitas para seren observadas de fronte.
 - c) **Pintura:** chegaron ata nós moitas pinturas, en especial, procedentes das tumbas ricamente decoradas con escenas relixiosas ou da vida cotiá dos defuntos. Tamén presentan a Lei da frontalidade e os cores planos (sen apenas degradados).



"Entrada ao hipoxeo de Sen-en Mut (Imperio Novo, Tebas)" (Edal Anton Lefterov, CC BY-SA 3.0)



"Esquema dunha mastaba de dobre pozo do Imperio Antigo" (autor descoñecido, CC BY-SA 3.0)



"Lei da frontalidade. A tríade do faraón Micerino" (Gérard Ducher, CC BY-SA 2.5)

- **Relixión:** os exipcios eran **politeístas**. Do mesmo xeito ca os mesopotámicos, as cidades tiñan un deus tutelar (Amón en Tebas, Ptah en Menfis, Ra en Heliópolis, Osiris en Abidos...), aínda que ao longo da súa historia se promoveu desde o Estado o culto a unha divindade a nivel nacional, por exemplo, Ra no Imperio Antigo ou Amón-Ra no Imperio Novo.

A crenza na vida logo da morte provocou o desenvolvemento do proceso de **momificación** na busca de preservar o corpo do defunto para a vida de ultratumba. Antes, o defunto debía superar un xuízo ante o deus Osiris no que se valoraban as súas accións durante a súa vida terreal.



"Triade osiriaca. O deus Osiris, no centro, a súa esposa Isis e o seu fillo Horus" (Rama, CC BY-SA 3.0)

Sabías que...?



 Grazas á Pedra de Rosetta conseguíuse descifrar a escritura xeroglífica exipcia?

 Trátase do fragmento dun bloque de pedra atopada en Exipto en 1799 por soldados de Napoleón. Tiña escrito un decreto do faraón Ptolomeo IV en tres sistemas de escritura diferentes:

 Xeroglífico: a escritura exipcia máis antiga realizada con debuxos e usada no mundo relixioso 
 Demótico: unha escritura máis tardía e de trazo moito máis simple ca xeroglífica.

 Grego antigo: que aínda se podía ler naquela época.



 O estudoso francés Jean-François Champollion usou o texto en grego para descifrar os xeroglíficos, que levaban máis de 1.500 anos sen entenderse.

 Grazas á Pedra de Rosetta, puidemos volver ler os textos do Antigo Exipto. Para os investigadores Champollion abriu unha porta ao coñecemento do Exipto Antigo.

EXERCICIOS

Exercicio 3



"Foto satélite do Nilo" (NASA, CC BY 2.0)

Cal é o marco xeográfico do Antigo Exipto?

Exercicio 4



"Esfinxe de Guiza. Ao fondo a pirámide de Micerino" (Mstyslav Chernov, CC BY-SA 3.0)

Cal é a diferenza entre **pirámide**, **hipoxeo** e **mastaba**?

Exercicio 5

Completa a táboa das grandes fases históricas do Antigo Exipto:

Imperio Antigo			Época Baixa
----------------	--	--	-------------

Exercicio 6



"O escriba sentado"
(Rama, CC BY-SA 3.0)

Por que pensas que os *escribas* tiñan un papel fundamental nas sociedades mesopotámica e exipcia da antigüidade?